

VAN GOGH, ÁS PORTAS DA ETERNIDADE

493

[Julian Schnabel, 2018]

ESTREA EN NUMAX: 01.03.2019 | V.O.S.E. | +12

At Eternity's Gate (2018, 111')

Dirección: Julian Schnabel

Guión: Jean-Claude Carrière, Julian Schnabel, Louise Kugelberg

Elenco: Willem Dafoe, Rupert Friend, Oscar Isaac, Mads Mikkelsen, Mathieu Amalric, Emmanuelle Seigner, Niels Arestrup, Anne Consigny, Amira Casar, Vincent Pérez, Lolita Chammah, Stella Schnabel

Son: Jean-Paul Muge

Montaxe: Louise Kugelberg, Julian Schnabel

Música: Tatiana Lisovkaia

Dirección de arte: Loïc Chavanon

Vestuario: Karen Muller Serreau

Fotografía: Benoît Delhomme

Produtoras: Iconoclast, Riverstone Pictures, SPK Pictures, Rocket Science, Rahway Road Productions (Reino Unido - Francia - EEUU)

Distribuidora: Diamond Films

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Inglés, francés

PREMIOS E FESTIVAIS

Oscar 2018 (Nomeado a mellor actor – Willem Dafoe–), Venecia 2018 (Mellor actor –Willem Dafoe–), Globos de Ouro 2018 (Nomeado a mellor actor de drama –Willem Dafoe–)

FILMOGRAFÍA

Miral, 2011

La escafandra y la mariposa, 2007

Lou Reed Berlin, 2007

Antes que anochezca, 2000

Basquiat, 1996

SINOPSE

1886, Arlés. O pintor holandés post-impresionista, Vincent van Gogh (Willem Dafoe), foxe do balbordo de París e agóchase nun pequeno pobo de Francia. Alí ha ser tratado amablemente por algúns e brutalmente por outros. Nesta tumultuosa época, Vincent pinta as obras mestras espectaculares que son recoñecíbeis en todo o mundo hoxe en día.

«Willem Dafoe é un Van Gogh inspirado na obra mestra impresionista de Julian Schnabel. Oscar Isaac acompaña a Dafoe con brillantez, igualando a súa enerxía e magnetismo»

Michael Nordine, INDIEWIRE



VAN GOGH, ÁS PORTAS DA ETERNIDADE

[Julian Schnabel, 2018]

EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

«Van Gogh tomaba decisións conscientes que nada tiñan a ver coa loucura»

Entrevista con Julian Schnabel

Por Marta Balaga

Cando se trata de Van Gogh, a todo o mundo lle interesan os aspectos máis extravagantes da súa vida: os mitos, a orella... A ti non. Algúns din que sufría esta caste de arreatos porque sempre suxeitada o pincel coa boca, pero eu non o creo. Despois de ver *As vodas de Canadá*, a obra de Veronese, Van Gogh dixo: «As cores nas miñas pinturas non proveñen da realidade, nacen da miña paleta». Coido que se trata de decisións conscientes que nada teñen a ver con comer pintura ou estar tolo, iso sería doado por demais. Aínda así, estou convencido de que sufría de ansiedade. Nalgúns momentos non sabe o que está a suceder, e iso asústalle. Algunha vez probaches o LSD?

A verdade é que non. Ben feito, é algo moi perigoso. Eu probeino cando era novo. O que ocorre é que, a medida que a droga fai efecto, comezas a sufrir ansiedade e, de súpeto, esta desaparece. Pero logo volve aparecer. É como unha caste de escaleira de Jacob, onde todo se volve máis esaxerado. Cando lle preguntan por que pinta, Van Gogh responde: «Para deixar de pensar». O meu filme chámase *Ás portas da eternidade* porque o protagonista vai morrer axiña e está a facer as paces con este intre. Tamén hai unha pintura co mesmo nome, pero non ten nada a ver.

En *Basquiat* (1996) hai unha frase que di: «Todo o mundo quere subir ao carro de

Van Gogh». Ti querías? «Todo o mundo quere subir ao carro de Van Gogh. Non existe unha viaxe tan terribel que ninguén queira facer. A idea do xenio descoñecido que suda tinta nun faiado resúltanos deliciosamente absurda. Debemos conceder a Vincent Van Gogh o mérito de ter posto ese mito en órbita. É dicir, cantos cadros vendeu? Un? Non podía nin agasallalos. Ía ser o artista máis moderno da época, pero todo o mundo o odiaba. Avergñoábase tanto da súa vida que o resto da historia da arte é unha compensación polo abandono de Van Gogh.» Isto foi escrito por René Ricard. Cando morreu Jean-Michel Basquiat, un tipo veume facer preguntas sobre el e decateime de que era simplemente un turista. Daquela decidín mercar os dereitos, escribir o guión e facer o filme eu mesmo. Nunca pensei en chegar a ser director de cinema e nunca quixen subir ao carro de Van Gogh. Tampouco me sinto culpábel polo seu abandono. A súa figura precisaba simplemente outra oportunidade para se expresar, unha que non fose un cliché. Gústame Kirk Douglas e *Espartaco* (Stanley Kubrick, 1960) é un dos meus filmes favoritos, pero a xente confía de máis nos actores e directores, e ás veces non saben do que falan. *El loco del pelo rojo* (Vincenzo Minnelli, 1956) é lixo! Eu quería amosar que, se nos achegamos o suficiente a estas pinturas, podemos observar numerosas marcas abstractas e, a medida que nos afastamos, estas marcas convértese nunha cara. Cada unha delas ten a súa propia autonomía. Picasso aprendeuno del.

Hai un sentimento moi físico na túa película. A meirande parte está rodada en primeira persoa, polo que realmente sentes que estás aí. Cando a pantalla vira a negro, ti estás tamén na escuridade, mirando a través dos seus ollos. Cando o doutor lle di:

«Estás a confundir a xente cos teus cadros», el responde: «Eu son os meus cadros». Reinaldo Arenas era os seus poemas e eu probablemente sexa este filme. Sempre hai unha conexión profunda entre o autor e o tema que trata. É moi difícil separalos. A pesar de que o filme trata sobre Van Gogh, tamén pode ser un vehículo para que eu, como pintor, diga cousas que talvez a el lle tería gustado dicir, ou cousas que a min me tería gustado dicirlle.

Publicado en cineuropa.org

Un pastoral contemporáneo

Por Glenn Kenny

As dúas cousas máis emocionantes de *Van Gogh. Ás portas da eternidade* son a actuación de Willem Dafoe como Vincent e a traslación ao cinema da mirada do Schnabel pintor na percepción da éxtase, a miseria e as visións. Os planos longos do artista nos campos de Arles, mostrando o que Vincent vía ao pintar, constitúen unha variante de pastoral moi rara de ver nos filmes de hoxe. Schnabel non pode facer un filme sobre un artista sen introducir algo de si propio e aquí esa función cumprea Oscar Isaac encarnando a Paul Gauguin, ao exhortar a Vincent a pensar máis na interacción entre pincel e lenzo, mentres Vincent insiste en traballar nun único xesto, o tamén coñecido como acto de pintar. Marabillosamente gravado por Benoît Delhomme, o filme non é só unha delicia visual, senón que pon sobre a mesa varias ideas novidosas sobre Van Gogh.

Publicado en www.rogerebert.com
Traducións: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Cartas a Theo, Vincent Van Gogh. Alianza, 2012
Manifeste incertain, Frédéric Pajak. Les Éditions Noir sur Blanc, 2017
Vincent Van Gogh. Una nueva mirada, David Bickerstaff. A Contracorrientefilms [DVD]
Loving Vincent, Dorota Kobiela / Hugh Welchman. Karma [DVD / BluRay]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

4€
Faito
NUMAX!
Abónatelo
agora e ven
sempre por